



**FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE**

**INFORME DE AUDITORÍA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ANUAL  
REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2020**





## INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE

Aos membros do Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

### Opinión con condiciones

Auditamos as contas anuais abreviadas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (a Fundación), que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2020, a conta de perdas e ganancias abreviada, e a memoria abreviada correspondente ao exercicio anual terminado en dita data.

Na nosa opinión, excepto polos efectos da cuestión descrita na sección *Fundamento da opinión con condiciones* do noso informe, as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación a 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria abreviada) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

### Fundamento da opinión con condiciones

Dentro do epígrafe "Debedores" do Balance de Situación adxunto recollese un saldo correspondente ás cotas pendentes de devolución do imposto sobre o valor engadido (IVE) dos exercicios 2017 e 2018 por importes de 135.715 e 194.085 euros, respectivamente. A Axencia Tributaria emitiu acordo de liquidación correspondente ao IVE dos citados exercicios polo que, a data do presente informe, non podemos pronunciarnos sobre a cobrabilidade destes saldos.


Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. A nosa responsabilidade de acordo con ditas normas descríbese máis adiante na sección de *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais abreviadas* do noso informe.

Somos independentes da Fundación de conformidade cos requisitos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables a nosa auditoría de contas anuais abreviadas en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos de auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se vira comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión con condiciones.

### Parágrafo de énfase

Sen que afecte a nosa opinión de auditoría, chámamos a atención, respecto do sinalado na nota 4.9 da memoria adxunta, na que se indica que os estados financeiros recollen unha provisión por importe de 344.874,02 euros para recoñecer o importe das propostas de liquidación





emitidas por la Axencia Tributaria sobre o IVE dos exercicios 2017 e 2018, sobre as cales se interpuxo reclamación económico administrativa ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.

### **Aspectos más relevantes da auditoría**

Os aspectos más relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais abreviadas do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais abreviadas no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

#### *Recoñecemento das subvencións recibidas*

A Fundación é beneficiaria de subvencións as cales levan a necesidade dun exhaustivo control das mesmas, así como a correcta determinación e imputación dos ingresos e gastos correspondentes a cada ejercicio económico. A información relevante relativa ás subvencións descríbese na nota 11 da memoria adxunta.

O axeitado rexistro contable das subvencións foi un tema significativo para a nosa auditoría dada a representatividade dos activos e pasivos afectados dentro do conxunto das contas anuais abreviadas da Fundación. Como parte do noso traballo de auditoría, comprobamos os procedementos seguidos para o seu rexistro e contrastamos as resolucións de concesión das subvencións e a súa imputación a resultados, a efectos de determinar a consistencia da metodoloxía aplicada e a razoabilidade dos cálculos efectuados. Ademais avaliamos a suficiencia da información revelada nas contas anuais sobre esta materia.


#### **Responsabilidade dos membros do Padroado en relación coas contas anuais abreviadas**

A Presidencia do Padroado da Fundación é responsable de formular as contas anuais abreviadas adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da súa situación financeira e dos resultados da Fundación, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á Fundación en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais abreviadas libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais abreviadas, a Presidencia do Padroado é responsable da valoración da capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento, excepto se o Padroado ten intención de liquidar a Fundación ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

#### *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais abreviadas*

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razonable de que as contas anuais abreviadas no seu conxunto están libres de incorrección material, debido a fraude ou a erro, e emitir un informe de auditoría que conteña a nosa opinión.




A seguridade razonable é un alto grao de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e áinda que se consideran materiais, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razonablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais abreviadas.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais abreviadas, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da Fundación.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razonabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polo Padroado da Fundación.
- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, polos membros do Padroado, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poidan xerar dúbihdas significativas sobre a capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, necesitaremos chamar a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais abreviadas ou, se tales revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Non obstante, os feitos ou condicións futuras poden ser a causa de que a Fundación deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais abreviadas, incluída a información revelada, e se as contas anuais abreviadas representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos coa Dirección e a Presidencia da Fundación en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os descubrimientos






significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos membros do Padroado da Fundación, determinamos os que foron de maior importancia na auditoría das contas anuais abreviadas do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Describimos eses riscos no noso informe de auditoría excepto que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.








## FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

BALANCE SITUACIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ANUAL  
REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2020




**BALANCE PEMESFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO PECHADO A 31 DE DECEMBRO DE 2020**
**Entidade: FUNDACION CENTRO TECNOLOXICO DA CARNE**
**NIF: G32273427**
**Cadro BALANCE**

especificar a unidade utilizada (euros, miles de euros ou millóns de euros): euros


	información referida ao periodo:	Notas memoria	2020	2019
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>			<b>4.316.947,15</b>	<b>4.533.871,27</b>
Inmobilizado intanxible.	4.1, 5		5.122,57	6.277,76
Inmobilizado material	4.2, 5		4.309.739,30	4.525.508,23
Investimentos financeiros a longo prazo.	4.4, 6		2.085,28	2.085,28
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>			<b>2.672.396,28</b>	<b>3.348.937,30</b>
Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	4.4, 6 9		1.274.947,93	2.143.536,92
Periodificacións a curto prazo.	13		13.652,63	12.325,38
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	4.4, 6		1.383.795,72	1.193.075,00
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>			<b>6.989.343,43</b>	<b>7.882.808,57</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>			<b>4.929.341,45</b>	<b>5.255.059,08</b>
<b>A-1) Fondos propios.</b>	9		<b>407.076,61</b>	<b>505.012,52</b>
Dotación fundacional	8		500.010,12	500.010,12
Reservas.	2.7, 8		100.825,94	105.771,36
Excedentes de exercicios anteriores.	4.9, 8, 9		-100.768,96	-119.877,90
Excedente do exercicio	3		-92.990,49	19.108,94
<b>A.2) Subvencions, doazons e legados recibidos.</b>	4.9, 11		<b>4.522.264,84</b>	<b>4.750.046,56</b>
<b>B) PASIVO NON CORRENTE.</b>			<b>509.045,76</b>	<b>880.782,00</b>
Provisions a longo prazo	4.9		344.874,02	344.874,02
Debedas a longo prazo.			164.171,74	535.907,98
Outras debedas a longo prazo.	7, 12		164.171,74	535.907,98
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>			<b>1.550.956,22</b>	<b>1.746.967,49</b>
Provisions a curto prazo	4.9		2.373,35	
Debedas a curto prazo.			1.513.763,32	1.668.536,26
Debedas con entidades de crédito.	4.4, 7		850.182,80	850.103,51
Outras debedas a curto prazo.	4.4, 7, 12		663.580,52	818.432,75
Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	4.4, 7, 10		34.819,55	78.431,23
Proveedores.			15.261,48	2.845,25
Outros acreedores.			19.558,07	75.585,98
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>			<b>6.989.343,43</b>	<b>7.882.808,57</b>





## FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

**CONTA DE PÉRDAS E GANANCIAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO  
ANUAL REMATADO O 31 DE DEZEMBRO DE 2020**



A large, blue, handwritten signature or mark, likely belonging to the CEO or a representative, positioned at the bottom left of the page.





CONTA DE RESULTADOS PEMESFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO PECHADO AO 31 DE DECEMBRO DE 2020

**Entidade: FUNDACION CENTRO TECNOLOXICO DA CARNE**

**NIF: G32273427**

especificar unidade utilizada (euros, miles de euros o millones de euros): euros	NOTAS da MEMORIA	(Debe) Haber 2020	2019
<b>A) Excedente del ejercicio</b>			
<b>Ingresos de la entidad por la actividad propia</b>		<b>813.620,14</b>	<b>1.254.229,11</b>
Subvenciones donaciones y legados imputados al excedente del ejercicio	4.9, 10.7, 11	813.620,14	1.254.229,11
<b>Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil</b>	<b>10.8</b>	<b>445.144,31</b>	<b>385.692,31</b>
<b>Aprovisionamientos</b>	<b>10.1</b>	<b>-105.269,64</b>	<b>-104.692,25</b>
<b>Otros ingresos de la actividad</b>	<b>10.8</b>	<b>10.727,93</b>	<b>32,62</b>
<b>Gastos de personal</b>	<b>4.10, 10.2</b>	<b>-899.465,65</b>	<b>-1.146.751,39</b>
<b>Otros gastos de la actividad</b>	<b>4.3, 10.4</b>	<b>-365.302,95</b>	<b>-372.877,64</b>
<b>Amortización del inmovilizado</b>	<b>5, 10.3</b>	<b>-227.051,95</b>	<b>-234.743,35</b>
<b>Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio</b>	<b>4.9, 10.7, 11</b>	<b>226.138,18</b>	<b>233.998,59</b>
Revisión deterioro créditos operacións comerciais	4.4, 6	8.167,08	0,00
Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado	5	0,00	-2.693,07
Excesos de provisiones	4.9	0,00	6.882,84
<b>EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD</b>		<b>-93.292,55</b>	<b>19.077,77</b>
<b>Ingresos financieros</b>	<b>10.8</b>	<b>311,60</b>	<b>59,57</b>
<b>Gastos financieros</b>	<b>10.5</b>	<b>-8,54</b>	<b>-28,40</b>
<b>Diferencias de cambio</b>	<b>4.6,15.2</b>		
<b>EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS</b>		<b>302,06</b>	<b>31,17</b>
<b>EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS</b>		<b>-92.990,49</b>	<b>19.108,94</b>
<b>Impuestos sobre beneficios</b>	<b>4.7, 9, 10.6</b>		
<b>Variación del patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio</b>	<b>3</b>	<b>-92.990,49</b>	<b>19.108,94</b>

\* \* Su signo puede ser positivo o negativo

